

**D. JOSE MARIA BAÑOS CAMPO, SECRETARIO DO EXCMO.
CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS**

CERTIFICO:

Que a Xunta de Goberno Local, na súa sesión celebrada o día 23 de xaneiro do 2017, adoptou entre outros o seguinte acordo:

“5. CONTRATACIÓN E SERVIZOS

**A2. DECLARACION DE DESERTO DO PROCEDEMENTO PARA A
CONTRATACIÓN DO SEGURO DE RISCOS PATRIMONIAIS DE BENS
MOBLES E INMOBLES DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS
(EXP.058-PRIVPN16).**

ANTECEDENTES,

1º.- Acordo da Xunta de Goberno Local de 21.11.2016 polo que se aproba o expediente para a contratación do seguro de riscos patrimoniais de bens mobles e inmobles do Concello de Monforte de Lemos a medio de procedemento negociado sen publicidade, cun prazo de duración inicial de 3 anos con posibilidade de prórroga, e se curse convite as seguintes compañías: Allianz Seguros e/r Franco Vázquez, S.L.; Mapfre Seguros e/r Dª. Ana Isabel Fernández Fernández; e Generali Seguros e/r Jesús Mazaira Varela.

2º.- Transcorrido o prazo de presentación de ofertas soamente concorreu ao procedemento a Cía. Allianz Seguros e/r Franco Vázquez, S.L polo que, unha vez abertos os sobres A e B a Comisión Negociadora inicio a fase de negociación coa citada Compañía tendente a formalización do contrato.

3º.- Escrito de 10.1.2017 (NRE. 531/2017 de 18.1.2017) da representación da Compañía polo que manifesta a imposibilidade de asumir o contido da súa oferta

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS,

Única.- Art. 152 do Rd. 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público.

Polo que antecede, a Xunta de Goberno Local por unanimidade adopta o seguinte

ACORDO

Primeiro.- Declarar deserto o procedemento para a contratación do Seguro de Riscos Patrimoniais de Bens Mobles e Inmobles do Concello de Monforte de Lemos (EXP. 058-PRIVPN16).

Segundo.- Notificar o presente Acordo á Cía. Allianz Seguros e/r Franco Vázquez, S.L e publicalo no perfil do contratante municipal.”

E para que así conste e coa salvedade prevista no artigo 206 do ROF, expido e asino a presente de orde e co visto e prace do Sr. Alcalde, en Monforte de Lemos, a vinte e tres de xaneiro de dous mil dezasete.

Vº e Pce.

O ALCALDE

